# Foros

Imos coñecer a estrutura e características dun Foro e aprender a utilizar os seus elementos básicos.

1. Comezaremos por identificarnos para o sistema. Actuamos do xeito habitual, escribindo o noso nome de usuario e contrasinal.




2. Prememos o botón Foro.



3. Xa estamos na pantalla principal dos Foros. Fixémonos na súa estrutura. Podemos ver os GRUPOS de FOROS sombreados en cor azul escura e detro de cada grupo atopamos o nome dos distintos FOROS xunto cunha breve descripción do seu obxectivo ou contido. Ademais destes datos, na táboa amósase información sobre:
    - nº de Temas ou Asuntos que inclúe o foro,
    - nº TOTAL de Respostas dentro do foro,
    - data, hora e autor da última Resposta...




4. Debaixo do nome de cada foro, especifícanse os seus MODERADORES. Só eles teñen capacidade para:
    - Editar todos os elementos,
    - Borrar elementos.

    O resto de usuarios só poden Editar os seus elementos pero NON poden borrar elementos...



5. Para abrir un foro, basta con facer clic sobre o seu nome...




6. Unha vez aberto un foro, desprégase unha táboa cos distintos Asuntos ou Temas que nel se están a tratar. O seu título soe dar información do que se trata nese Asunto ou Tema...




7. Na táboa tamén podemos ver:
   - Autor do Asunto ou Tema,
   - Nº de Réplicas que inclúe (ademais da orixinal),
   - Nº de veces que foi visitado,
   - Data, Hora e Autor da última Réplica...

   Para ver as Réplicas que contén un Asunto ou Tema, basta con facer clic sobre o seu nome...



8. Aparece unha relación das Réplicas que contén o Asunto ou Tema e tamén as Respostas ofrecidas ás Réplicas, e incluso as Respostas ás Respostas, etc, de xeito XERARQUIZADO. Para abrir calquera destes elementos, facemos clic no seu título...




9. Aquí podemos ver a Réplica orixinal do foro...




10. Facemos clic para ver esta Resposta...



11. En calquera momento podemos:
   - Editar a mensaxe (se temos permiso),
   - Responder á mensaxe.

Prememos en Responder...




12. Aparece un Formulario de edición. Aquí podemos:
   - Escribir texto,
   - Inserir imaxes,
   - Inserir obxectos multimedia.

Comezaremos por escribir o Título para a Resposta...



13. Á hora de escribir a mensaxe, dispoñemos dunha barra de ferramentas para dar formato ao texto e engadir recursos multimedia (de xeito similar ao que se explica para blogues). Como exemplo veremos como se engadiría un vídeo de YouTube...




14. Na ventana emerxente, seleccionamos o portal YouTube...




15. Abrimos unha ventana nova no navegador (Archivo ---> Nueva Ventana) para localizar o recurso, por exemplo utilizando o buscador Google...



16. Xa dentro do portal, buscamos o vídeo que nos interese...




17. Cando o atopemos, abrímolo facendo clic sobre el...




18. Agora, copiamos o código para logo regresar á páxina do foro con el...



19. Pegamos no campo Enbed e, automaticamente, o sistema recollerá o ID do vídeo...




20. Aquí vemos o código xerado para introducir o vídeo na resposta...




21. Tamén podemos subir unha imaxe que teñamos no noso computador. Prememos o botón Examinar...



22. Navegamos polo noso computador ata atopar a imaxe e prememos Aceptar...




23. Ao rematar prememos o botón Dío para publicar a entrada...




24. Podemos ver a resposta publicada. Para abrila, prememos no seu título...



25. Aparece a resposta con tódolos elementos. A imaxe sempre aparece ao comezo da resposta...




26. Para pechar unha resposta, prememos outra vez no título...




27. No caso de que queiramos corrixir algunha cousa, prememos en Editar (asumindo que a resposta sexa nosa e/ou que sexamos Administradores deste foro)...



28. De volta na ventana de edición, podemos facer os cambios que necesitemos (se temos algunha imaxe subida, non se pode cambiar nin borrar). Logo prememos en Editar mensaxe...




29. Se queremos ver os cambios, abrimos a resposta facendo clic sobre o seu título...




30. Aquí se ven os cambios...



31. O Administrador/es do foro teñen a posibilidade de BORRAR os elementos que o forman, sempre e cando non exista outro que dependa del. Neste caso, como da resposta "Olaaa!!!" non depende outra mensaxe, podemos borrala. Prememos en Editar...




32. Rematamos facendo clic en Elimina esta mensaxe...




33. Comprobamos que a resposta foi eliminada.




**Á hora de participar nun foro debemos respectar as normas de participación. É algo que sempre deberemos ter moi en conta.**